



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezanove de decembro de dous mil dezaseis; as once da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona Maria López Touza, Don Ricardo González Amaro e Don Javier Iglesias Sendín. -

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado trece de decembro de dous mil dezaseis (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

**OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS RIB/N/19.16/16.-**

Visto o escrito presentado por **Don Roman Blanco Reinoso**, onde solicita Licenza de legalización de obras executadas e para realización de obras varias (Reforma da cuberta e substitución de carpinterías de adega e almacen e reforma de vivenda (torre)) na denominada Granxa de Outeiro, sito en Francelos segundo Proxecto Refundido de Actuación en Granxa de Outeiro Ribadavia Ourense”, redactada polos arquitectos D. Juan José Otero Vázquez e D. Cecilia López Muíños.

Consta proxecto básico e de execución e anexos redactado polos arquitectos Don Juan José Otero Vázquez e Dona Cecilia López Muíños.

Consta Proxecto Refundido de Actuación en "Granxa de Outeiro Ribadavia Ourense”, con selo de visado colexial, redactada polos arquitectos D. Juan José Otero Vázquez e D. Cecilia López Muíños.

Consta informe da Arquitecto Municipal de data 15 de decembro de 2016.

Consta informe do Secretario municipal de data 19 de decembro de 2016.

Consta Acordo da Comisión Territorial de Ourense do Patrimonio Histórico Galego– Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria – Xunta de Galicia de 9 de setembro de 2016.



Consta escrito do Servizo de Patrimonio Cultural de data 01.12.2016 relativo aclaración ao Acordo da Comisión Territorial de Ourense do Patrimonio Histórico Galego– Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria – Xunta de Galicia de 9 de setembro de 2016.

*A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :*

**Conceder licenzia a Don Roman Blanco Reinoso**, para a legalización de obras executadas e para realización de obras varias (Reforma da cuberta e substitución de carpinterías de adega e almacén e reforma de vivenda (torre)) na denominada Granxa de Outeiro, sito en Francelos segundo Proxecto Refundido de Actuación en Granxa de Outeiro Ribadavia Ourense”, redactada polos arquitectos D. Juan José Otero Vázquez e D. Cecilia López Muíños.

### **1.- Condicións xerais:**

*En todo caso é de ter en conta que as licenzias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.*

*A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.*

*De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.*

*Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.*

*En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.*

**Penalización:** *O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.*

**Caducidade:** *A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.*

### **2.- Condicións particulares:**



**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Legalización de obras executadas e obras varias (Reforma da cuberta e substitución de carpinterías de adega e almacen e reforma de vivenda (torre)).

**Contía na que se orzan as obras:** 201.406,15 euros.

**Situación e emprazamento das obras:** Granxa de Outeiro, Francelos.

**Nome ou razón social do promotor:** Roman Blanco Reinoso.

**Director de Obra:** Don Juan José Otero Vázquez e Dona Cecilia López Muíños.

**Prazos:** O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

**Liquidación do ICIO:** Tendo en conta que con data 03/06/2016, 21/06/2016 e 24/08/2016, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 4.257,97 euros, 491,07 euros e 487,51 euros respectivamente, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 201.406,15 € correspondentes as obras referenciadas na licencia, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, coincidindo coa contía xa aboada.

#### **OUTRAS CONDICIONS.-**

- As obras executaranse segundo o Proxecto Refundido de Actuación en Granxa de Outeiro Ribadavia Ourense”, redactada polos arquitectos D. Juan José Otero Vázquez e D. Cecilia López Muíños. A licencia corresponde a legalización de obras executadas e obras varias (Reforma da cuberta e substitución de carpinterías de adega e almacen e reforma de vivenda (torre)).

-Deberá axustarse o Acordo da Comisión Territorial de Ourense do Patrimonio Histórico Galego– Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria – Xunta de Galicia de 9 de setembro de 2016.

#### **Condicionantes das obras.-**

- A separación entre os montantes da varanda exterior dado que existe a vinculación da edificación co uso Residencial, é de aplicación a separación máxima de 10,00 cm., sinalada no apartado 3.2 Características das barreiras de protección do 3. Desniveis do CTE DB SUA 1. Seguridade fronte ó risco de caídas, polo que deberá presentarse a documentación técnica necesaria para a definición da actuación a realizar debendo axustarse a separación máxima referenciada con anterioridade.

- Previo ao inicio das obras, deberán de presentarse as correspondentes Autorizacións da Confederación Hidrográfica para captación e vertido (consta solicitudes); e, coa documentación de fin de obra, a Autorización do Servizo de Sanidade correspondente á posta en funcionamento do sistema de potabilización.

Achegarase o correspondente plano de conexións dos citados servizos, xa que no Plano 2.07u02. Plano de Emprazamento e foto aérea urbanismo que se achega, aparenta non representarse as citadas conexións no seu estado real, xa que, por exemplo a conexión grafada entre o alxibe e a instalacións enterradas transcorre polo camiño público e por outras parcelas.



- Deberá presentar Oficio de Dirección de Execución das obras e Coordinador de Seguridade e Saude.

### 3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

#### EXPEDIENTE RIB/C/38.8/15 DE LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.-

Visto o escrito de **Don José Luis Regueiro Vázquez**, con domicilio na Calviño nº 5, Carballiño, onde solicita licenza de primeira ocupación para a vivenda sita na estrada OU-504 nº 47 (antigo 45), San Cristovo.

Visto o informe favorable da Arquitecto Municipal de data 14 de decembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, en uso das facultades delegadas pola Alcaldía, por unanimidade dos asistentes, acorda:

**Primeiro.-** Conceder Licenza de **PRIMEIRA OCUPACIÓN** a Don José Luis Regueiro Vázquez para a vivenda sito na estrada OU-504 nº 47 (antigo 45), San Cristovo. Debera realizar a limpeza e a pintura das medianeiras e como medida de Protección contra Incendios, deberíase dispoñer nas escaleiras dun extintor portátil de eficacia 21 A – 113 B.. O promotor tamén deberá solicitar a alta no Padrón do Lixo.

**Segundo.-** Dado que o edificio non resulta conforme coa normativa urbanística vixente no momento da solicitude de licenza de primeira ocupación, procedese a declarar expresa e simultaneamente a condición Edificio fora de ordenación de acordo co artigo 90, apartado 2 da Lei do Solo de Galicia

**Terceiro.-** Comunicar o presente acordo ao interesado.

### 4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Dirección Xeral de Inclusión Social, Resolución de data 7 de decembro relativa a axudas económicas a familias con menores a cargo para compensación dos gastos farmacéuticos para os anos 2016 e 2017.

- Do Servicio de Emprego e Economía Social, Xefatura provincial, Resolución concedendo subvención para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local (Expte. TR351B 2016/40-3).

- Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Municipios e Provincias en relación cos gastos de Limpeza dos Centros Públicos Integrados.

### 5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-



**ADHESION AO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACION COS CONCELLOS PARA REALIZACION DE ACTUACIONES DE LIMPEZA DAS MARXES DAS REDES VIARIAS MUNICIPAIS E PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2017.-**

Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa Provincial de Cooperación cos Concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipais e provincial para o exercicio 2017, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes ACORDA:

- 1º.- Aprobar a adhesión do Concello de Ribadavia ao Programa provincial de Cooperación cos Concellos para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2017.
- 2º.- Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponde do programa de cooperación, en particular as previstas na cláusula 7ª das bases que regulan o programa de cooperación, comprometéndose a realizar os traballos da rede viaria provincial que se determinen por Resolución da Presidencia da Deputación, para un tramo ou conxunto de tramos de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude.
- 3º.- Declarar que o Concello de Ribadavia non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar o corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

**CORRECCION DE ERROS.-**

Habéndose advertido un erro no importe total da taxa pola ocupacion de terreos de uso público con meses e sillas, acordo da Xunta de Goberno Local de data 13.12.2016, a Xunta de Goberno Local, acorda correxilo, quedando o acordo do seguinte xeito:

**"LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-**

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

- 1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de novembro 2016, por importe de 1.008 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución".

**SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-**

“Vistas as Bases reguladoras da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes o exercicio 2017, aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data 29 de setembro de 2016 e publicadas no B.O.P. nº 264, de 17 de novembro de 2016.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado “U.P.K day 2017”.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases”.

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION AS OBRAS E SERVICIOS MUNICIPAIS 2017.-**

Visto o acordo da Xunta de Voceiros municipais de data 16 de decembro pasado e vistas as Bases do referido Plan Provincial, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asisntes adopta os seguintes acordos:

1º.- Solicitar a inclusion no Plan Provincial como obra principal a denominada a"ACONDICIONAMENTO PARQUE XARDINILLOS, INFRAESTRUCTURAS CULTURAIAS (CASA DE CULTURA E AUDITORIO DO CASTELO) E MELLORA DA BEIRARÚA DE BAIXADA O PIÑEIRAL", obra cun orzamento estimado de 58.000 euros.

2º.- Solicitar a inclusión no Plan Provincial como obra adicional a denominada "ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DAS BANQUETAS (RUA NORTE-AVIA) obra cun orzamento estimado de 58.000 euros.

3º.- Dar conta do presente acordo no vindeiro Pleno para a súa ratificación.

4º.- Dar traslado do presente acordo a Deputación Provincial.

**RENUNCIA DE CONTRATO DE ARRENDAMENTO DE LOCAL .-**

Visto o escrito de **Dona Maria Rita Alonso Alvarez**, con domicilio en Parada, Castelo de Miño, actual titular do arrendamento do local sito nos baixos da Alameda adicado a Cafe-Bar, no que comunica a súa renuncia polo peche da actividade con data 31.12.2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes acorda:

1º.- Aceptar a referida renuncia sendo a data efectiva da mesma o 31.12.2016.

2º.- Notificar o presente acordo a interesada e os servicos de Intervención e Tesoureria os efectos oportunos.

**APROBACION DE PADRON COBRATORIO.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Padrón cobratorio da Taxa de Alcantarillado 2015, por importe de 79.942,18 euros.” Asi mesmo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio o comprendido entre o 9 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2017”.

**XUSTIFICACION DO CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA E A FEDERACION GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN RELACION COS GASTOS DE LIMPEZA DOS CENTROS**





**PUBLICOS INTEGRADOS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes en relacion co asunto do epígrafe, presta aprobacion a conta xustificativa da axuda outorgada para o financiamento dos gastos de limpeza do C.P.I. Tomás de Lemos, de acordo co seguinte teor:

#

1º.- Que os gastos ocasionados pola limpeza do citado CPI durante o ano 2016 ascenderon, de acordo co sinalado en dita conta xustificativa, a un total de 34.394,11 € có seguinte desglose:

<b>Identificación do acreedor</b>	<b>Nº Factura ou documento equivalente</b>	<b>Importe</b>	<b>Data de emisión</b>	<b>Data de Recoñecemento da obriga</b>
Fernández Devesa María José	Nómina Xaneiro	490,85	25/01/16	28/01/16
Fernández Devesa María José	Nómina Febreiro	490,85	25/02/16	26/02/16
Fernández Devesa María José	Nómina Marzo	490,85	25/03/16	29/03/16
Fernández Devesa María José	Nómina Abril	490,85	25/04/16	28/04/16
Fernández Devesa María José	Nómina Maio	490,85	25/05/16	30/05/16
Fernández Devesa María José	Nómina Xuño	495,01	25/06/16	29/06/16
Fernández Devesa María José	Nómina Setembro	690,85	25/09/16	29/09/16
Fernández Devesa María José	Nómina Outubro	490,85	25/10/16	28/10/16
Fernández Devesa María José	Nómina Novembro	490,85	25/11/16	28/11/16
Fernández Devesa María José	Nómina Decembro	490,85	22/12/16	22/12/16

<b>Identificación do acreedor</b>	<b>Nº Factura ou documento equivalente</b>	<b>Importe</b>	<b>Data de emisión</b>	<b>Data de Recoñecemento da obriga</b>
Gabián Mojón María Cristina	Nómina Xaneiro	501,63	25/01/16	28/01/16
Gabián Mojón María Cristina	Nómina Febreiro	501,63	25/02/16	26/02/16
Gabián Mojón María Cristina	Nómina Marzo	501,63	25/03/16	29/03/16
Gabián Mojón María Cristina	Nómina Abril	501,63	25/04/16	28/04/16
Gabián Mojón María Cristina	Nómina Maio	501,63	25/05/16	30/05/16
Gabián Mojón María Cristina	Nómina Xuño	501,63	25/06/16	29/06/16
Gabián Mojón María Cristina	Nómina Setembro	418,01	25/09/16	29/09/16
Gabián Mojón María Cristina	Nómina Outubro	489,06	25/10/16	28/10/16
Gabián Mojón María Cristina	Nómina Novembro	501,63	25/11/16	28/11/16
Gabián Mojón María Cristina	Nómina Decembro	501,63	22/12/16	22/12/16

<b>Identificación do acreedor</b>	<b>Nº Factura ou documento equivalente</b>	<b>Importe</b>	<b>Data de emisión</b>	<b>Data de Recoñecemento da obriga</b>
Touza García Manuela	Nómina Xaneiro	501,63	25/01/16	28/01/16
Touza García Manuela	Nómina Febreiro	501,63	25/02/16	26/02/16
Touza García Manuela	Nómina Marzo	501,63	25/03/16	29/03/16
Touza García Manuela	Nómina Abril	501,63	25/04/16	28/04/16
Touza García Manuela	Nómina Maio	501,63	25/05/16	30/05/16
Touza García Manuela	Nómina Xuño	501,63	25/06/16	29/06/16
Touza García Manuela	Nómina Setembro	501,63	25/09/16	29/09/16
Touza García Manuela	Nómina Outubro	501,63	25/10/16	28/10/16
Touza García Manuela	Nómina Novembro	501,63	25/11/16	28/11/16
Touza García Manuela	Nómina Decembro	501,63	22/12/16	22/12/16



<b>Identificación do acredor</b>	<b>Nº Factura ou documento equivalente</b>	<b>Importe</b>	<b>Data de emisión</b>	<b>Data de Recoñecemento da obriga</b>
Martínez Da Costa Josefa	Nómina Xaneiro	403,06	25/01/16	28/01/16
Martínez Da Costa Josefa	Nómina Febreiro	403,06	25/02/16	26/02/16
Martínez Da Costa Josefa	Nómina Marzo	627,10	25/03/16	29/03/16
Martínez Da Costa Josefa	Nómina Abril	477,74	25/04/16	28/04/16
Martínez Da Costa Josefa	Nómina Maio	339,88	25/05/16	30/05/16
Martínez Da Costa Josefa	Nómina Xuño	477,60	25/06/16	29/06/16
Vázquez Veiga Maria Carmen	Nómina Setembro	477,74	25/09/16	29/09/16
Vázquez Veiga Maria Carmen	Nómina Outubro	477,74	25/10/16	28/10/16
Vázquez Veiga Maria Carmen	Nómina Novembro	477,74	25/11/16	28/11/16
Vázquez Veiga Maria Carmen	Nómina Decembro	477,74	22/12/16	22/12/16

<b>Identificación do acredor</b>	<b>Nº Factura ou documento equivalente</b>	<b>Importe</b>	<b>Data de emisión</b>	<b>Data de Recoñecemento da obriga</b>
Vázquez Padrón María Belén	Nómina Xaneiro	403,06	25/01/16	28/01/16
Vázquez Padrón María Belén	Nómina Febreiro	403,06	25/02/16	26/02/16
Vázquez Padrón María Belén	Nómina Marzo	627,10	25/03/16	29/03/16
Vázquez Padrón María Belén	Nómina Abril	477,74	25/04/16	28/04/16
Vázquez Padrón María Belén	Nómina Maio	477,74	25/05/16	30/05/16
Vázquez Padrón María Belén	Nómina Xuño	477,74	25/06/16	29/06/16
Vázquez Padrón María Belén	Nómina Setembro	677,74	25/09/16	29/09/16
Vázquez Padrón María Belén	Nómina Outubro	477,74	25/10/16	28/10/16
Vázquez Padrón María Belén	Nómina Novembro	477,74	25/11/16	28/11/16
Vázquez Padrón María Belén	Nómina Decembro	477,74	22/12/16	22/12/16

<b>Identificación do acredor</b>	<b>Nº Factura ou documento equivalente</b>	<b>Importe</b>	<b>Data de emisión</b>	<b>Data de Recoñecemento da obriga</b>
Juste Gulín Isabel	Nómina Xaneiro	724,24	25/01/16	28/01/16
Juste Gulín Isabel	Nómina Febreiro	724,24	25/02/16	26/02/16
Juste Gulín Isabel	Nómina Marzo	724,24	25/03/16	29/03/16
Juste Gulín Isabel	Nómina Abril	724,24	25/04/16	28/04/16
Juste Gulín Isabel	Nómina Maio	724,24	25/05/16	30/05/16
Juste Gulín Isabel	Nómina Xuño	2183,05	25/06/16	29/06/16
Juste Gulín Isabel	Nómina Setembro	840,97	25/09/16	29/09/16
Juste Gulín Isabel	Nómina Outubro	840,97	25/10/16	28/10/16
Juste Gulín Isabel	Nómina Novembro	841,04	25/11/16	28/11/16
Juste Gulín Isabel	Nómina Decembro	1401,05	22/12/16	22/12/16

2º.- Que, a axuda outorgada foi destinada á finalidade de sufragar os gastos de limpeza do/s CPI, prevista no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Municipios e Provincias correspondente ao presente ano.

## **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**





**Concello de Ribadavia**

Non houbo.-

E sendo as doce do mediodia, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.